

# Explorando os límites da nova acción galega na política exterior

*Fernando González Laxe*

## 1. Introducción

---

A dinámica globalizadora carrexou un impulso, tanto a escala planetaria como en tempo real, dunha complexa rede de fluxos materiais como inmateriais que xeraron un amplo alargamento das dimensións espaciais e propulsaron un cambio moi radical no que fai referencia ás lóxicas dos límites territoriais da acción dos gobernos.

Este razoamento supuxo a construción dun novo contexto en que tanto forzas ascendentes como descendentes van construíndo e delimitando as novas instancias de reprodución e de conectividade, repercutindo na modificación do papel dos espazos rexionais e nacionais nos procesos de reprodución económicos e sociais.

Consecuencia disto é a progresiva graduación espacial que se vai situando tanto na dimensión institucional como económica, social e tecnolóxica, ampliando o marco das redefinicións territoriais entre unha pugna de novos proxectos, ideas, institucións e rol das forzas sociais.

Ese campo de batalla entre actores, ideas e intereses supuxo a consolidación parcial e, ás veces difusa, de modelos que en ocasións foron chamados neoliberais, intervencionistas, ou defensores de posicións extremadamente laxas.

A globalización impón unha dobre dinámica: a redución do centralismo do Estado e a emerxencia dunhas novas relacións globais/locais. Procurárase no xurdimiento do Novo Rexionalismo albiscar o papel das rexións como epicentro de desenvolvemento da economía global (Ohmae, 1996, 2001; Keating, 1998; Scott & Storper, 2003) sobre a base das economías de aglomeración e dos sistemas de produción flexibles.

Así, ao longo dos últimos anos proliferan conceptos tales como capital social, activos relacionais, medios innovadores, rexións que aprenden, *clústers* e sistemas rexionais de innovación, entre outros que, baseándose nesas especificidades e sensibilidades, remarcando a articulación entre os niveis territoriais e as redes de aprendizaxe e innovación, cuestión básica para xustificar e avaliar as transformacións das estratexias rexionais e poder enfocar as accións en aras de asegurar e lograr mellorar as *ratios* de competitividade.

Esa asunción vai parella aos cambios nas políticas europeas (nova articulación do desenvolvemento rexional e industrial por medio dos procesos de innovación) que buscan, entre os novos obxectivos, a substitución das axudas directas e os recursos investidos nas rexións menos favorecidas, co fin de alcanzar unha mellor e

máis eficaz coordinación dos programas para abordar a competitividade rexional e a converxencia; promovendo, neses supostos, accións tendentes a impulsar aos emprendedores e a estimular o potencial endóxico e a construción de redes no que atinxe ás institucións científicas, técnicas e gobernamentais coas PEMES.

## 2. Os retos do século XXI

---

O século XXI comeza con dous obxectivos: a) competitividade e b) crecemento sostible. A propia Unión Europea empeza a detectar certas tendencias diverxentes tanto no que fai referencia á converxencia económica como na cohesión social. No III informe sobre a cohesión económica e social afirmase que a converxencia económica rexional desacelerouse e advírtense problemas profundos. No IV informe insístese en avanzar no melloramento da cohesión territorial e na construción da Europa que abrangue a todas as rexións.

Unha análise crítica da actuación europea particularizámola ao repasar os traballos académicos e os propios informes sobre a cohesión que redacta a Unión Europea (2001, 2004). Mentres que Cuadrado Roura (2001) e Puga (2002) asumen asimetrías rexionais dentro da UE, Rodríguez Pose e Fratesis (2003a, b) descubren que a taxa de converxencia é irrelevante cando se fala de converxencia beta e o crecemento é considerado no modelo para eludir os problemas de auto-correlación espacial. Os resultados amosan, así mesmo, un crecemento da diverxencia produto do maior dinamismo das rexións centrais e daquelas mellor conectadas coas redes centrais e globais, tal e como afirman Rodríguez Pose (2000), Rodríguez Pose e Petrakos (2004) e Puga (2002), ao demostrar que se xera un forte proceso de concentración económica territorial a favor de certas áreas. Desta forma, se o expresamos graficamente, pásase da “banana azul” á “banana laranxa” e, posteriormente, ao “pentágono económico”, e vanse formalizando cambios moi notables no que afecta á localización xeográfica dos *clústers* e ás estruturas centralizadas e os límites nas rexións periféricas. Seguindo a D. Qua (1996) hai clubs de converxencia, dous polo menos, os que corresponden a unha división centro/periferia.

Que facer dende as rexións menos favorecidas, periféricas ou peor conectadas para lograr e facer compatible a competitividade e o crecemento? Sen dúbida, atacar as deficiencias estruturais, solucionar as baixas dotacións de capital físico e humano, estimular a carencia de habilidades para innovar, impulsar os apoios efectivos para os negocios e lograr un menor efecto ambiental negativo, figuran entre os obxectivos dunha política e acción coherente co obxectivo programado. Isto implica, pois, mellorar a coordinación institucional, simplificar a administración dos programas, mellorar a eficiencia e reforzar o control, e, finalmente, levar a cabo unha avaliación permanente.

Poden as rexións afianzarse como motores globais do desenvolvemento e ofrecerse como ámbitos estratéxicos para combinar a competitividade cos obxectivos

da cohesión social e territorial nun novo marco e perspectiva europea e global? É evidente que o primeiro paso para logralo é evitar os encapsulamentos ou situacións de pechamento, e isto significa abandonar a idea de apostar dunha maneira continua por unha situación de dependencia ou de mantemento dunha sociedade subsidiada, é dicir, non esperar que, en exclusiva, as subvencións, incentivos e axudas sosteñan as redes e os crecentes entrecruzamentos de relacións. En segundo lugar, é preciso abordar a competitividade internacional, definida na nova lóxica global/local, o que obriga a reconfigurar formas organizativas e alentar dinámicas locais, cuestións que requiren de ambientes apropiados onde se poidan desenvolver procesos produtivos competitivos (Swyngedouw, 1997). Por iso se fala de obxectivos meso-económicos e políticos (Stopper, 1997; Amable, 2004; Amin, 2004, 2005), onde obter vantaxes ao cualificar e dotar de consistencia as propias organizacións e as redes.

Na medida en que as mencionadas redes son transversais e afianzan o control sobre a maior parte das relacións é evidente que as nosas empresas como os procesos produtivos existentes e radicados no noso país deben de estar máis interrelacionados e presentes, cuestións que reforzan os conceptos de determinación, posicionamento e definición de estratexias, creando e conformando complexos de extensión exterior.

E, finalmente, esta decisión supón establecer un novo marco no que se refire ás relacións. Un territorio non é concibible como un *container* ou como un *stock*, senón que é un fluxo, desde o que é preciso regular e legislar a maioría das actividades. Defínese, pois, como un ente activo e coprodutivo, que se consolida e vólvese a graduar con outras institucións, o que da pé á conformación dunha estratificación de procesos subnacionais.

Así as cousas, a globalización e os seus efectos sobre a competitividade non se configuran como procesos homoxéneos, crescendo en todas as rexións, posuíndo as mesmas oportunidades e posibilidades no que afecta ao logro de obxectivos; senón que existen forzas diferentes, dinámicas multi-escalares e distintos sistemas sociais de produción, que responden de maneira diferenciada, dependendo dos patróns institucionais e dos comportamentos dos axentes.

Galicia non se pode converter, pois, nunha illa de competitividade (Veltz, 1996). Require de actuacións de articulación territorial e de inserción internacional.

### **3. Unha estratexia de acción exterior**

---

Os fundamentos da reflexión do Grupo de traballo centráronse en “mirar lonxe”, en “ver alén e con visión de conxunto”, en lograr “análises en profundidade das diagnoses”, ser conscientes da “asunción de riscos nas proxeccións”, basearse nos propósitos de “pensar no para o individuo”, e, finalmente, proceder a determinar “a utilización de ferramentas e instrumentos” viables, coherentes, consistentes e eficaces. Pretendíase ir máis alá da extrapolación dun pasado recente, de contemplar

única e exclusivamente as debilidades e as fortalezas en períodos longos de tempo, de analizar o conxunto das sociedades na esfera planetaria, de experimentar enfoques sistémicos, por medio de análises da articulación e de vínculos desde unha perspectiva de diálogo, de conciliación de axentes e institucións, e compartindo responsabilidades diferentes en cada suposto.

Neste sentido, a proposta de estratexia da acción exterior parte da transcendencia do momento actual en que a superación de fronteiras do pasado e a apertura de novos escenarios fai necesaria unha presenza activa de Galicia. Dita necesidade é moito maior cando desexamos proxectar *un autogoberno* con capacidade de acción exterior propia, atendendo aos valores e intereses dun territorio específico, á vez que subliñamos como base de natureza política *un goberno compartido* para poder expresar e participar con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e internacional existentes no estado das autonomías.

A acción exterior de Galicia queda xustificada por dous grandes obxectivos:

a) A potenciación da consolidación institucional e política dun país, que require e esixe que se desenvolva nunha sociedade cada vez máis globalizada e internacionalizada, é dicir, máis alá do propio territorio; e

b) porque se debe trazar unha estratexia para o desenvolvemento dunha acción exterior que se centre en potenciar as actividades de proxección e de relevancia internacional, de conformidade coa apreciación do bloque constitucional, e que impulse os mecanismos de información, coordinación e de acción común en materia de política exterior.

Os procesos de mundialización e comunitarización alteran notablemente o marco en que deben estar incluídas as disposicións estatutarias e constitucionais. Por iso, aceptando o carácter exclusivo das competencias do Estado en materia de política exterior, Galicia pode e debe articular as súas propias actividades de proxección e actos de relevancia internacional como tamén debe abordar o cumprimento das súas funcións e competencias en todos os ámbitos que teña asumidas estatutariamente.

Varias son as razóns que avalan estas decisións. Dunha parte, Galicia é unha sociedade involucrada no mundo e desexa desenvolver o seu papel por medio do establecemento de obxectivos concretos e da utilización de medios para salvagardar os seus intereses lexítimos. E, doutra parte, Galicia, ao estar dotada dunhas dinámicas propias en materia cultural, educativa, tecnolóxica, financeira e comercial, busca así mesmo preservar unha identidade diferenciadora por medio da súa propia capacidade de decisión.

Velaí que as estratexias da acción exterior subliñan catro principios básicos:

a) Voz activa para o impulso dos valores colectivos. Serán principios inspiradores de dita estratexia a defensa de valores ligados aos dereitos humanos, erradicación de todo tipo de discriminación, desenvolvemento sostible, estabilidade e seguridade, axuda humanitaria, e un bo goberno.

b) Colaborar no desenvolvemento global. Significa contribuír á creación de riqueza e á redución da pobreza, fomento de políticas de igualdade e de desenvolvemento

mento humano e social, protexer e mellorar o ambiente, defensa dos ecosistemas e da biodiversidade.

c) Impulsar unha Galicia aberta a un mundo cambiante. Pon de manifesto un reforzamento da integración europea, de estímulo da cooperación con rexións e áreas coas que compartimos características e intereses comúns, favorece a cooperación para a innovación e desenvolvemento do coñecemento, promove os “activos rexionais”, a cultura e a imaxe dunha Galicia moderna e comprometida co mundo e a sociedade.

d) Apoio aos intereses dos axentes rexionais no exterior e ao establecemento de canles de relación cos axentes internacionais relevantes para que sirvan de apoio e promoción aos intereses dos axentes rexionais (isto é o sistema institucional, o sistema produtivo, o sistema educativo e de investigación, o sistema social e cultural, e os colectivos galegos no exterior). Cífranse como obxectivos a defensa e promoción “dos intereses galegos” e plásmanse en atencións ineludibles tales como a asistencia cultural, educativa, sanitaria ou de protección social, ao mesmo tempo que se instrumentan medidas de apoio ao tecido empresarial na súa proxección exterior.

Con isto defínse unha estratexia de carácter persistente e unha potenciación e maior valoración da “marca-país”.

#### **4. Afirmación da galegitude**

---

Sabemos que a globalización por si mesma non é nin positiva nin negativa, senón que depende da actitude e dos instrumentos con que se afronten os retos que formula. Sabemos, así mesmo, que nun mundo globalizado xéranse potentes tendencias homoxeneizadoras que empuxan moi intensamente ás entidades culturais menores e máis débiles cara á súa marxinación. Ou, dito doutra forma, as dinámicas estandarizadas buscan a fragmentación e illamento. Estas tendencias que son visibles no mundo económico tamén teñen a súa vertente nos ámbitos culturais, lingüísticos e artísticos. O obxectivo das estratexias da acción exterior debe, polo tanto, non só facérense cargo destas análises senón que debe procurar obxectivos de afirmación das particularidades. Pero, as nosas accións non se deben fundamentar en parapetos irracionais sobre a defensa dos nosos sinais de identidade, xa que un illamento absoluto ou case absoluto produciría a perda de capacidade decisoria, incluso sobre os nosos propios asuntos. Nese sentido, todas as nosas accións exteriores estarán envorcadadas na preservación dunha capacidade decisoria para poder alentar a identidade diferenciadora.

No documento exprésase claramente esta problemática, ao mencionar como pivote das súas accións o seguinte: “Galicia debe comezar por sinalar claramente cal é o lugar que se quere ocupar no mundo, e en nome de que valores, e coa ollada posta en obxectivos igualmente claros e avaliábeles. Trátase, pois, da

asunción do dereito de ser (quen somos) e estar (que queremos)”. Desta maneira, a nosa afirmación de galegitude non será unha cuestión única dos galegos (como parapeto defensivo fronte á homoxeneización, que ademais sería loxicamente insuficiente para contela) senón pugnando por gañar un claro e evidente posicionamento e, así, poderemos ser incluídos nunha sociedade global, interdependente e integradora.

## 5. As liñas estratéxicas e os seus instrumentos

---

Varias son as estratexias para conseguir os obxectivos deseñados. Dunha parte, preténdese coordinar internamente a acción exterior dentro do goberno de Galicia; promover, impulsar e protexer os intereses de Galicia alén das fronteiras en cooperación co goberno do Estado e co resto das comunidades autónomas; participar directa e indirectamente naqueles organismos e institucións en que se diluciden os intereses de Galicia; potenciar a presenza económica e comercial no exterior; fomentar a cooperación internacional; introducir medidas para a promoción cultural e social; estimular a internacionalización do tecido produtivo, do sistema educativo e da investigación, ben dunha maneira directa ou a través da colaboración con outros axentes.

Estas liñas estratéxicas baséanse en incorporar a todos os axentes institucionais e sectores económicos (sen ser excluínste), e debe buscar o maior consenso parlamentario, político e social, e asumir sen reviravoltas unha “Alianza por Galicia no eido exterior”, definida como “a capacidade para abordar simultaneamente actuacións no ámbito político, económico, cultural ou social, co respaldo pleno das diferentes forzas políticas”. Estas dúas condicións resultan básicas para a normal formulación e definición das accións.

A acción exterior, polo tanto, débese dotar dun esquema de actuación baseado en cinco puntos:

- a) Proxección dos valores da sociedade galega.
- b) Estimulación da internacionalización dos sistemas produtivos, fomentando tanto accións por programas xeradores de beneficios materiais (negocio) como inmateriais (imaxe) no exterior, superando as “eivas tradicionais da nosa presenza exterior”.
- c) Fomento da participación, incorporando todas as sensibilidades e matices, para multiplicar a eficacia e desenvolvemento dos mecanismos de coordinación e, deste xeito, evitar solapamentos non desexables ou posicionamentos diverxentes que diminúen a eficacia.
- d) Análises das dinámicas inmigratorias, destacando neste ámbito tres aspectos relevantes. A inmigración pode axudar e/ou contribuír ao equilibrio demográfico. Pode, así mesmo, afianzar a dimensión e a calidade da nosa cultura democrática a través de accións internas e exteriores dos dereitos e liberdades dos estranxeiros

que veñen a residir a Galicia; e promove a formación e intercambio dunha inmigración cualificada na perspectiva do desenvolvemento económico continuo.

e) Coordinación político-administrativa, onde a acción exterior debe ser responsabilidade dunha única instancia, que será a que coordine, impulse, canalice e participe nas iniciativas institucionais. De igual forma que a administración de Galicia posúa unha unidade a quen encomendar a execución, seguimento e avaliación das estratexias acordadas.

En suma, as estratexias da acción exterior han de se formular baixo o prisma da “unidade da acción política”, en contra da tradicional concepción e comportamento de sumatorios de políticas exteriores de cada departamento, sector ou institución. Búscase, pois, con estas pautas dotar á administración de Galicia de “substancias propias” en todo aquilo que afecte á proxección exterior de Galicia.

Os instrumentos dos que dispoñemos podémolos clasificar en varios niveis:

a) Instrumentos político-administrativos, é dicir estruturas organizativas e administrativas eficientes para o desempeño do labor de representación exterior, presenza internacional e proxección dos intereses de Galicia fóra do territorio propio. Serven para apoiar calquera iniciativa económica, social cultural e de representación. As delegacións da Xunta de Galicia son un claro exemplo xa que asumen a función de institucionalizar a presenza exterior. Poden ser autónomas (como o Goberno da Xunta de Galicia ven de decidir no caso da Delegación na Arxentina e as futuras de Uruguai ou Brasil) ou poden estar integradas na representación estatal.

b) Instrumentos non normativos, é dicir, a capacidade de formalizar acordos (aínda que sen efectos xurídicos internacionais) con outros entes territoriais en materias de competencia autonómica. Este tipo de instrumentos non se deben desdeñar senón todo o contrario, pois son un avance na cooperación e colaboración global, e aumentan a relevancia da acción exterior.

c) Instrumentos xurídicos. Con estes instrumentos procúrase a habilitación e o apoio da administración do Estado para a firma de pre-acordos en temas de competencia propia ou de interese autonómico, que lograrían a plena transcendencia xurídica mediante a autorización posterior do Estado, de acordo coas previsións constitucionais; a celebración de tratados internacionais en nome do Estado, coa súa autorización previa, no que atinxe ás competencias autonómicas; ou o potenciamento das relacións de cooperación territorial de forma que as comunidades autónomas poidan concertar compromisos xurídicos con entidades territoriais estranxeiras rexidos polo dereito de cada unha das partes, sempre que non comprometa a responsabilidade internacional do Estado. Como se observa, estas posibilidades abren novas expectativas e posibilidades para exercer unhas liñas estratéxicas e plans de acción máis ambiciosos e globais.

d) Colaboración co Goberno da nación. Abarca a defensa daqueles intereses e posicionamentos galegos que dentro das competencias estatais a Xunta de Galicia desexa patrocinar e para isto require da participación nos procesos de negociación dos tratados e na adopción de resolucións que tamén posúen incidencia sobre Gali-

cia. Búscase, así mesmo, a actualización dos mecanismos de colaboración, tanto multilaterais como bilaterais, para poder participar de maneira activa na formación da posición do Estado nas políticas exteriores, así como para promover un intercambio igualmente activo dos representantes autonómicos nas delegacións do Estado no exterior. En calquera caso, o Goberno da nación debe informar os gobernos das CCAA das negociacións e da celebración dos tratados internacionais naquelas materias que lle afecten, sempre que sexan competencias autonómicas ou que posúan un interese específico para Galicia.

## **6. Cooperación internacional para o desenvolvemento**

---

A decidida vocación da colaboración internacional e a aposta pola posta en práctica de políticas activas e integrais de sensibilización para combater a pobreza e as discriminacións xunto á promoción dos dereitos ao desenvolvemento humano e sostible, marcan as pautas dun programa político. Os obxectivos subliñados para os próximos anos concéntranse en dous: a) dedicar o 0,4% dos orzamentos á cooperación internacional antes de que finalice a lexislatura; e b) manter a medio prazo como horizonte o 0,7% do PIB para a cooperación para o desenvolvemento.

As actuacións nestas materias céntranse en abordar tanto os aspectos sectoriais como os xeográficos. Identifícanse 18 áreas prioritarias e 3 países preferentes e faise fincapé nas accións transversais, especialmente no que se refire á participación das mulleres.

## **7. O marco europeo**

---

Despois dos acontecementos ocorridos en Europa, a definición das nosas metas e a experiencia acumulada é fácil colixir que as propostas na acción exterior de Galicia signifiquen a participación activa, con criterio e voz, na estrutura multi-nivel europea. Preténdese que se poida aportar criterios na toma de decisións, potenciando as políticas de cohesión, innovación e sostibilidade que permitan reducir as desigualdades e os procesos diverxentes a nivel rexional, e moito máis de maneira expresa no que se refire ás rexións periféricas ou afastadas dos centros europeos.

Para isto suxírese dispoñer dunha delegación propia ante as institucións europeas para atender a elaboración e o seguimento das políticas que afecten aos intereses específicos e competenciais de Galicia. Como se afirma no texto do informe para desenvolver esta tarefa poderíase apoiar, inicialmente, nos recursos existentes da Fundación Galicia-Europa, creada en 1988, polo Goberno que eu mesmo presidía.

Proseguirase apostando polo principio da subsidiariedade, coidando que a Unión Europea só interveña cando os obxectivos das propostas lexislativas non se

poidan alcanzar de maneira eficiente a nivel rexional. Da mesma forma, a Xunta de Galicia habilitará os recursos e os procesos de supervisión da xestión e execución do dereito da Unión Europea no ámbito da súas competencias para poder comprobar o seus efectos.

Despois da adhesión dos novos países, a maior parte das rexións europeas buscan definir e aplicar programas para lograr unha rápida converxencia. As evolucións recentes suxiren que o novo modelo de crecemento europeo acentuará o contraste entre países, e entre áreas metropolitanas e as restantes rexións. Europa está chamada a progresar cara a unha economía de servizos e de tecnoloxía e, en consecuencia, aquelas actividades industriais con baixa tecnoloxía serán obxecto de dinámicas de deslocalización fóra de Europa ou simplemente abandonadas. Neste sentido, os fluxos intracomunitarios posúen unha gran relevancia xa que confiren á demanda interna un enorme peso no crecemento económico europeo.

A nova Europa mantén evidentes disparidades en materia de accesibilidade entre as áreas centrais e as que son máis periféricas. De aí que a mellora da accesibilidade e a meta de lograren alcanzar os estándares de accesibilidade europeo constituía para determinadas rexións, entre elas Galicia, unha prioridade de alto nivel. Conscientes que dende o denominado “pentágono económico europeo” (área que comprende o territorio que une Londres, París, Múnic, Milán e Hamburgo) esténdense os principais corredores de transporte en dirección ás novas áreas metropolitanas consolidadas e emerxentes (Madrid e Barcelona; Xénova e Roma; Copenhague, Estocolmo e Oslo; Berlín e Varsovia; Praga, Viena e Budapest; e Glasgow) a resposta de certas rexións europeas debe ser contundente ou resignarse a quedar marxinalizadas de maneira inexorable ou de asumir un declive económico progresivo por quedar fóra das comunicacións, fluxos, dotacións e infraestruturas. En suma, afastada das decisións de localización das actividades e centros económicos.

Galicia, ante as potenciais evolucións territoriais europeas, debe reforzar o seu potencial de atractivo e de polarización, buscando aqueles efectos significativos para xerar tendencias de captación de actividades, tecnoloxía e individuos. Sen dúbida ningunha, os escenarios sobre os que se deben orientar os pasos son por unha Europa da cohesión, en que as políticas europeas se concentren nas rexións menos favorecidas; que as intervencións públicas sexan cada vez máis descentralizadas e máis coherentes; na que se afofunde na cooperación comunitaria; na que a gobernanza activa sexa a varios niveis; e en onde se aposte por modelos policéntricos.

## **9. Decisión política**

---

Varias poden ser as recomendacións no campo da decisión política. Das análises e estudos das situacións particulares de Galicia e das experiencias doutras comunidades autónomas e rexións noutros países, seguindo as achegas de C. Colino (2007) podemos destacar tres eixos. O primeiro fai referencia á necesidade dun des-

envolvemento normativo que contemple unhas disposicións (no proxecto presentado á Xunta de Galicia non se entra en determinar o rango da norma) en que a acción exterior teña que ser acordada e na que se defina o marco, os instrumentos, os mecanismos de coordinación e os propios obxectivos da acción exterior. Ditos marcos deben ser sempre renovados, incorporando novas achegas de maneira continua e articulando o papel dos actores. Inclúe, polo tanto, o reforzamento dos órganos de cooperación e asesoramento xa sexan verticais como horizontais, á vez que se regulan os fluxos de información necesarios para implementar a coordinación e a unidade de acción. Na proposta remitida á Xunta de Galicia, o grupo de reflexión suxire a celebración dun debate periódico no Parlamento para fixar e actualizar os obxectivos e a busca do consenso e acordo entre as forzas políticas.

O segundo eixo refírese aos axentes e actores. Débense mobilizar e incorporar ao marco estratéxico definido previamente a toda a sociedade. Non obstante, definiremos con carácter prioritario os axentes principais para o desenvolvemento destas misións, contando co Parlamento, as universidades, centros formativos e de investigación, as organizacións corporativas e representativas, as empresas galegas no exterior e aquelas con estratexias produtivas e comerciais internacionalizadas, e as entidades e colectividade galegas no exterior. A Xunta de Galicia debe promover a formación de redes e asociacións relacionais para poder facilitar a incorporación de axentes diversos a prol de colaborar na definición e concreción dos obxectivos e en incrementar o valor engadido do concepto de “marca-país”.

E, finalmente, o terceiro eixe é o relativo aos órganos que deben asumir a responsabilidade executiva da acción exterior, acorde aos principios de coordinación e unidade funcional da actividade exterior. Neste sentido, non cabe ningunha dúbida que existe na actualidade unha multitude de liñas estratéxicas e de acción non concordantes. Por isto, sería lóxico pensar nunha Consellería de Asuntos Internacionais que servira de atalaia para levar a cabo as propostas enunciadas ou, como paso previo, estimular a concentración de todas as atribucións en materia exterior nunha unidade administrativa de alto nivel e dependente da Presidencia do Goberno, para dotarlle de harmonización e dirección política propia, evitando as disfuncións, solapamentos e distintas intensidades e criterios.

## 10. Conclusións

---

Sen ánimo de ser exhaustivo poderíamos concentrar as conclusións do traballo nos seguintes epígrafes:

a) Reforzar a capacidade da Comunidade Autónoma de Galicia de participar na dimensión da acción exterior por medio dun desenvolvemento organizativo cada vez máis institucionalizado.

b) A pesar do “efecto contaxio” doutras comunidades autónomas, os contidos da acción exterior da Xunta de Galicia deben reflectir e estar máis acorde cunha

afirmación identitaria precisa e máis pragmática, que defenda a galegitude e sirva de proxección cara ao exterior.

c) Aposta pola normalización da cooperación transfronteiriza e interrexional, á vez que se afiance a proxección das accións de promoción económica, comercial e inversora de carácter internacional; a proxección lingüística, cultural, educativa e investigadora; as atencións sociais e sanitarias; as accións de atención aos emigrantes e comunidades culturais no exterior; as actividades relacionadas coa cooperación e axuda ao desenvolvemento e a solidariedade.

d) No que se refire aos tratados e convenios internacionais, a Comunidade Autónoma de Galicia pode e debe desenvolver e executar as normas internacionais contempladas e os Tratados dos que España sexa parte, así como das resolucións dos Organismos internacionais dos que España sexa membro, sempre que se incida no ámbito das competencias asumidas. Así mesmo, a Xunta de Galicia ten que facer valer a súa autonomía no proceso de formación da vontade do Estado español.

e) Buscar a coordinación e formulacións comúns ante a política exterior de España e Galicia a fin de evitar as disfuncións, confrontacións e a “paradiplomacia”, co obxectivo de defender os intereses galegos, desenvolver a imaxe exterior de Galicia e articular o concepto de “marca-país”, dentro dun marco de coherencia e unidade das accións estatais.

En resumo, os territorios europeos atópanse confrontados a un número importante de desafíos. Tanto as recentes ampliacións da Unión Europea, que arrastran disparidades sen precedentes entre as rexións europeas, ata as distintas oportunidades de desenvolvemento, medidas en termos de recursos, de crecemento, de accesibilidade, de calidade ambiental e de niveis de participación, estimulan e alentan ás rexións sen Estado a adoptar políticas públicas que non só teñan que cumprir cos compromisos de Lisboa e de Gotemburgo, senón a participar na construción dunha nova Europa.

Foron moitos os estudos que analizaron a fráxil estruturación do equilibrio europeo e, así mesmo son tamén numerosas aquelas análises sobre os escenarios prospectivos comunitarios en que se presentan posibles debuxos dunha Europa policéntrica (Sapir, 2003). Sen dúbida ningunha, no momento de redactar esta achega, o debate céntrase entre escenarios tendenciais referidos á procura ou ben da competitividade rexional ou ben da concesión de prioridade política a escenarios que buscan a cohesión económica, social e territorial. Galicia, sen dúbida, deberá apostar por todo e coa maior intensidade posible.

---

*Fernando González Laxe* foi presidente da Xunta de Galicia e director do proxecto *Estratexia de Acción Exterior de Galicia*.

## Bibliografía

---

- AMABLE, B. (2004): *Reforming Europe: is the Third way the only way?*, Prime 3, Centre Saint Gobain pour la Recherche en Economie.
- AMIN, A. (2004): *Regions unbound: toward a new politics of place*, Geografika Annaler 86 (B), pp33-43.
- AMIN, A. (2005): *Regiones sin fronteras: hacia una nueva política del lugar*, *Ekonomiaz* 59 (1), pp77-95.
- COLINO, C. (2007): *La acción internacional de las Comunidades Autónomas y su participación en la política exterior española*, Fundación Alternativas, documento trabajo 10.
- CUADRADO ROURA, J.R. (2001): *Regional convergence in the EU from hypothesis to the actual trends*, The Annals of Regional Science, 35, pp333-356.
- EC (2001): *Unity, solidarity, diversity for Europe: ist people ans its territory*, Second report on Economic and Social Cohesion, Bruxelles.
- EC (2004): *Un nouveau partenariat pour la cohésion, convergence, compétitivité et coopération*, Troisième rapport sur la cohésion économique et sociale. Bruxelles.
- KEATING, M. (1998): *The new regionalism in Western Europe*, Elgard Chetelsman.
- OHMAE, K. (1996): *The end of the nations state: the rise of regional economy*, Harper Collins, London.
- OHMAE, K. (2001): *How to invite prosperity from the global economy into a Region*, in SCOTT, A. (ed): *Global City-Regions: Trends, Theory, Policy*, Oxford University Press, pp33-43.
- PUGA, D. (2002): *European regional policy in light of recent location theories*, Journal of Economics Geographic, 2 (4), pp373-406.
- QUA, D. (1996): *Regional convergence clusters across Europe*, European Economy Review, 40, pp951-958.
- RODRÍGUEZ POSE, A. (2000): *Economic convergence and regional development strategies in Spain: the case of Galicia and Navarra*, EIB Papers 5 (7), pp89-115.
- RODRÍGUEZ POSE, A. e FRATESSI, U. (2003a): *Ciclos económicos y economías protegidas en la periferia de la Unión Europea*, XXIX Reunión de Economía Regional, Santander, pp27-28, novembro 2003.
- RODRÍGUEZ POSE, A. e FRATESSI, U. (2003b): *Policy Debats: between development and social policies: The impact of European Structural Funds in objective 1 Regions*, Regional Studies, 38 (1), pp97-113.
- RODRÍGUEZ POSE, A. e PETRAKOS, G. (2004): *Integración económica y desequilibrios territoriales en la UE*, Eure, 89, pp63-80.
- SAPIR, A. (2003): *An Agenda for a growing Europe. Report of a independant high-level study group for for the Presidente of the EC*, Bruxelles, Juillet.

- STOPPER, M. (1997). *The regional world: territorial development in a global economy*. Guildford Press. New York.
- SWYNGEDOUW, E. (1997): *Neither global nor local: globalisation and the politics of scale*, en COX, K. (ed): *Space of globalisation*, Guildford Press, New York, pp137-166.
- VELTZ, P. (1996): *Mondialisation, ville et territoires. L'économie d'archipel*, PUF, París.